

V PREMIO ROBERTO VIDAL BOLAÑO

ACTA

Reunidos na Terra de Turonio, freguesía de San Tomé de Freixeiro, Vigo, os socios de Redes Escarlata X. M. García Crego, Rosa López, X. H. Costas, Anxo Angueira e o que labra esta acta, X.L. Méndez Ferrín, o día 19 de xuño do ano 2008, proceden a se constituír en xuri do *Premio Roberto Vidal Bolaño* e, tras fonda deliberación,

ACORDAN

outorgar dito *Premio Vidal Bolaño* a

FELIPE LUBIÁN LUBIÁN

Tivéronse en conta para esta escolla a súa defensa insobornable da galeguidade lingüística e cultural dos catro concellos galegófonos de Zamora en tódalas corporacións locais, provinciais e autonómicas das que formou parte desde hai 30 anos, o seu compromiso coa cultura popular, nomeadamente do teatro de base, como promotor e coordinador da Asociación Cultural Xente Nova das Portelas, e por facer de Lubián o único concello de fóra da Galicia administrativa onde o galego é lingua cooficial e da escola Tuela-Bibei de Lubián o único centro escolar de Zamora onde se ensina a Lingua Galega.

Do que dou fe, como Secretario

X. L. Méndez Ferrín